

## COMUNICADO

---

### Comunicado do IGE relativo ao restablecemento da recollida presencial de información

Ante a epidemia da COVID-19, o Instituto Galego de Estatística (IGE) suspendeu desde mediados de marzo a recollida de información presencial nas súas enquisas. Durante este período de estado de alarma o IGE empregou medios telemáticos para a recollida de datos.

Rematado o estado de alarma, o IGE retoma este luns 22 de xuño a recollida presencial de información nas súas enquisas.

Para asegurar a máxima protección en materia de saúde pública fronte á COVID-19, o persoal enquisador seguirá nas entrevistas presenciais unha serie de medidas preventivas.

Conscientes das dificultades polas que están a atravesar os nosos informantes, tanto fogares como empresas, pedímoslles que manteñan a confianza que teñen depositada neste organismo e que continúen a colaborar connosco para que podamos seguir traballando na produción de estatísticas de calidade.

Con todo, poñémonos a súa disposición para clarear calquera dúbida que poidan ter sobre a recollida de información das nosas enquisas no teléfono gratuito 900 102 104.

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>?  
Información enquisas: 900 102 104  
FAX: 981 541 323  
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>  
Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/#!/IGE\\_Estatistica](http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica)  
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>